



CONCELLOS

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Formada, rendida e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, a conta xeral correspondente ao exercicio 2019, expónse ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. da Provincia.

Durante o dito prazo e oito días máis, os interesados poderán examinalas e formular as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Negueira de Muñiz, 28 de maio de 2020.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0977

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

O Pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro en data 12 marzo de 2020, acordou aprobar definitivamente o Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais do Concello de Pedrafita do Cebreiro, confeccionado pola Sociedade mercantil pública autonómica, Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A (Seaga), asinado por D. Pablo Arbones Maciñeira Enxeñeiro de Montes Nº de Colexiado 2171, e D^a. Carmen Paz López Enxeñeira Técnica Forestal Nº de Colexiado 1265, co texto que se transcribe:

“PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO

MEMORIA

1 INTRODUCCIÓN

1.1 Antecedentes e xustificación

O monte constitúe un patrimonio esencial para o desenvolvemento sustentable de Galicia, onde os terreos de monte constitúen máis do 65% da súa superficie e onde integrados con eles hai 313 concellos cuns 31.550 núcleos de poboación.

Mais o importante valor que o monte desempeña para a nosa sociedade no seu conxunto vén sendo ameazado pola propagación de incendios forestais, afectando á súa riqueza ambiental e paisaxística e ás actividades agroforestais que se desenvolven nel.

Esta situación débenos facer conscientes de que os incendios forestais no medio rural constitúen unha grave ameaza para calquera política de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galicia.

Os terreos forestais e as súas zonas de influencia teñen unha configuración específica que dificulta a súa protección contra os incendios forestais; entre outras, estas características son a fragmentación da propiedade, o desequilibrio entre zonas, o abandono da agricultura, a gandaría extensiva sen control e a progresiva transformación das parcelas agrícolas fragmentadas en terreos de monte, o que deu lugar a unha progresiva desorde do territorio incrementando a ameaza derivada dun incendio forestal.

O Estatuto de autonomía de Galicia no artigo 27.10 e a Constitución de 1978 nos artigos 148.1.8 e 149.1.23 determinan o marco normativo xeral de referencia en materia de prevención e incendios forestais. A Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes, atribúe á Comunidade Autónoma a facultade para desenvolver os aspectos de defensa contra incendios forestais dotando dun marco regulador legislativo que contribúe a

fortalecer a seguridade xurídica das administracións públicas galegas e dos cidadáns na prevención e defensa contra os incendios forestais.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ten por obxecto establecer o marco normativo dos montes e terreos forestais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, e será aplicable a todos os montes ou terreos forestais do territorio.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, estrutura o planeamento de defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais, en varios niveis: galego, de distrito, municipal e inframunicipal. No seu artigo 7 atribúe a competencia dos concellos de elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos que lles sexan da súa titularidade, ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, e de forma máis concreta a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa, así coma o deber de xestionar as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade.

Neste marco, o planeamento a nivel municipal integrará nos plans de emerxencias municipais as actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais, con arranxo ó previsto na lexislación galega de emerxencias, sendo a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia (Platerga) e o Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga).

O obxectivo principal do presente Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, en cumprimento do establecido na Lei 3/2007, é a definición da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa, formadas por un conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente localizadas, e garantir o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co fin principal de reducir o risco de incendio e protexer a seguranza das persoas.

Este obxectivo fundamental concrétase nunha serie de accións sobre o territorio que buscan organizar a xestión da biomasa en zonas estratéxicas, especialmente aquelas declaradas de alto risco de incendio, unido á construción e mantemento de faixas exteriores de protección de zonas poboadas, o tratamento de áreas forestais nun esquema de intervención segundo modelos silvícolas previamente establecidos, no ámbito da defensa de persoas e bens e a defensa dos montes.

A redacción do presente Plan pretende, por tanto, aportar un documento que conteña as accións necesarias para a defensa contra os incendios forestais efectuando unha análise da situación actual, e establece unha zonificación do territorio como marco das directrices de actuación a realizar para acadar os obxectivos propostos.

1.3 Aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais

É competencia dos concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, e integralos nos plans de emerxencias municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.

Os plans deberán ser redactados por técnicos competentes en materia forestal. A estrutura deste plan, ven definida no artigo 16 da Lei 3/2007, e axustarase ás directrices que estableza a normativa aplicable en materia de emerxencias.

Será a dirección xeral competente en materia forestal quen emita informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación. O ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas.

A coordinación e a xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais compétenlle a alcaldía. A elaboración, execución e actualización deste planeamento ten carácter obrigatorio.

Os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais deberán adaptarse ao disposto nesta Lei nun prazo de cinco anos desde a súa entrada en vigor.

2 ÁMBITO TERRITORIAL

O marco xeográfico obxecto do presente Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais é o concello de Pedrafita do Cebreiro, localizado na provincia de Lugo, dentro do Distrito Forestal VII Fonsagrada-Os Ancares.

2.1 Situación, límites e superficies

Situación

O concello de Pedrafita do Cebreiro sitúase na provincia de Lugo. As súas coordenadas xeográficas son:

- Latitude: 42°41'30,07"N
- Lonxitude: 7°5'0,82"W

Límites

a Norte: concellos de Cervantes e As Nogais.

b Oeste: concellos de Samos e Triacastela.

c Sur: concello de Folgoso do Courel.

d Leste: León.

Superficie

Ten unha extensión de 104,9 km².

2.2 Parroquias e núcleos de poboación

O concello distribúese en 12 parroquias que se relacionan na seguinte táboa:

Parroquia	Superficie	Habitantes
O Cebreiro (Santa María)	1326,85	129
Fonfría (San Xoán)	219,09	29
Hospital (San Xoán)	539,18	51
Liñares (Santo Estevo)	571,82	66
Lousada (San Vicente)	1199,82	100
Louzarela (San Xoán)	849,92	68
Pacios (San Lourenzo)	548,68	58
Padornelo (San Xoán)	1643,21	103
Pedrafita do Cebreiro (Santo Antón)	468,80	194
Riocereixa (Santa María Madanela)	1139,15	56
Veiga de Forcas (Santa María)	327,97	18
Zanfoga (San Martiño)	1654,27	160

Táboa 1 Táboa de parroquias e habitantes (Fonte: IGE)



Mapa 2 Mapa de parroquias

2.3 Caracterización do medio natural

2.3.1 Topografía

Existe unha sucesión de vales en paralelo e cumbres alomadas, xeralmente suaves, orientado segundo o eixo NO-SE, que atópanse labrados polos afluentes dos ríos Navia e Lor. Así temos por exemplo a serra da Rañadoira e do Caldeirón ou do Piornal, seguen unha clara dirección nos eixes anteriormente comentados no que constitúe a zona occidental, mentres que na oriental montes como o Chao da Serra e outras, difiren lixeiramente destas.

As cotas máximas da serra dos Ancares atópanse fora do concello, roldando os 1.900 m., (Pico Cuiña, Mustallar e Miravalles) e xa dentro do concello as altitudes dificilmente superan os 1.400 do Mustallar na Serra do Rañadoiro.

As altitudes están comprendidas nun amplo rango comprendido desde os 600 m. ata os case 1600 m., atopándose a maior parte do concello (a cuarta parte) entre as cotas de 900-1300.

As cotas mais altas, atópanse nas Serra do Rañadoiro, atravesando o concello en diagonal na altura do alto de Poio, localizado ó norte, e xa no sur, o seu límite administrativo no que comeza a transición ó Courel.

Pola contra, as altitudes mais baixas localízanse no val do Lor, dando lugar así as fisionomías propias do Courel, de vales estreitos con fortes pendentes.

Unha importante superficie do concello ten pendentes superiores ó 22%. As pendentes mais baixas atopámolas nas posicións de fondo de val, ocupando pouca superficie debido á estrutura estreita dos vales, e nos cumios, onde as superficies son lixeiramente mais grandes e continuas.

2.3.2 Climatoloxía

As temperaturas medias mostran un descenso xeral con respecto a meirande parte de Galicia, como o reflicten os seus 8 °C de temperatura media. Estes datos correspóndense mais ó propio do interior da montaña lucense, onde a altitude deixase sentir pola menor temperatura e as maiores precipitacións. Os invernos son fríos e húmidos (por exemplo, Pedrafita acada medias de menos de 3 °C e mínimas absolutas por debaixo dos 0 °C durante un longa período de tempo), mentres que os veráns son curtos, con días calorosos e noites frescas, mais que o resto de Galicia, xa que a irradiación nocturna fai que polo día pódese chegar ós 30 °C e, mentres que de noite, baixe a 1 °C.

As fortes precipitacións, indican a forte humidade que sofre o concello o longa de todo o ano, e de forma mais intensa no período outono-inverno. Pódese diferenciar entre a zona norte e a sur, sendo esta mais chuviosa, con rexistros comprendidos entre os 1600-2500 mm., mentres que no Norte, son sensiblemente inferiores. de ata 800 mm. en altitudes inferiores, sendo un aporte estacional suficiente como para no exista unha seca significativa. As precipitacións non só aparecen coma choivas, senón tamén coma neve, rexistrándose este tipo de precipitacións en mais de vinte días ao ano como media. Existe unha tendencia ás névoas que axudan a aumentala sensación de humidade xa grande de por si, tendo unha maior percepción do mal tempo, incluso no verán.

Cabe destacar a inexistencia de períodos secos ou de déficit hídrico. Aínda que localízase unha época de seca, ou déficit hídrico vexetal, a corta permanencia desta é tal que apenas é representativa.

Defínese un amplo período de xeadas, como consecuencia das baixas temperaturas, no que tan só catro meses ó ano (de xuño ata setembro) atópanse libres do risco de xeadas.

2.3.3 Edafoloxía

Desde o punto de vista dos factores que interveñen na formación do solo, as áreas montañosas teñen en común as condicións climáticas (maiores choivas), a morfoloxía (maiores pendentes) e a cuberta vexetal (arbórea e arbustiva), nos que os aspectos formadores ou erosivos, dependen máis dos factores naturais que dos antrópicos. A liña xeral dos solos describíranse como solos de baixa evolución e escasa diferenciación morfolóxica.

2.3.4 Hidroloxía

Os ríos son moi numerosos na totalidade do concello. Dada a dificultade na topografía pódese adiantar que a rede hidrográfica vai constituír un medio complexo polo que existirán multitude de concas fluviais en distintas direccións e de distintas formas.

A elevada altitude total do concello fai que varios ríos teñan o seu nacemento dentro do concello, e a estreita relación entre os ríos e as fracturas tectónicas fai que moitas veces refirámonos á

orografía para explicar o modelado fluvial. A Serra do Rañadoiro actúa como a principal divisoria do concello, detectándose dúas concas de dous importantes ríos galegos, o Lor localizado na metade sur e o Navia, na metade norte. Ambos ríos toman direccións diverxentes: o Navia drena todo o sector Norte cara o Cantábrico e o Lar transportando as súas augas ó Atlántico. A conca do río Navia ocupa en Galicia 1.124 Km², un 43% da superficie total, descorrendo durante 90 Km. Polas montañas lucenses dos Ancares. O nacemento do río Navia atópase no mesmo concello, a mais de 1.000 metros de altitude, entre a Serra do Rañadoiro e Fontevredra. A partir deste punto, comeza o seu recorrido de 159 Km. ata a desembocadura, xa en Asturias.

No seu primeiro tramo, o río Navia ten unha pendente media do 15%, para baixar ata o 1% na área de Os Nogais, a partir ande discorre mais lentamente.

O principal río da conca Miño-Sil é o Lor, ademais de ser o mais característico do concello e o que maior superficie recorre. Os vales que conforman esta conca son característicos e marcan parte da paisaxe do Courel, os cales caracterízanse pola súa pequena anchura e profundidade.

Outro dos ríos afluentes do Sil é o Valcarce, pero acada unha pequena superficie dentro do concello.

O río Lor nace entre os núcleos de Fonlor e Fonteboa, a mais de 1.100 metros de altitude, recorrendo 54 km. ata a súa desembocadura, dos que 12,9 Km. os atravesa por Pedrafita. O saír do concello, o Lor xa sae a case 400 metros, a partir de onde comeza o seu recorrido pola Serra do Courel, sendo o río mais significativo de toda ela e máis tarde, á altura de Montefurado, desemboca no Sil.

As redes fluviais constitúen unha alta densidade de correntes xerando cuncas de textura fina a media, onde predomina o carácter temporal, de cursos de altas pendentes e escaso caudal naqueles que son permanentes.

2.3.5 Flora

A acción antrópica fixo desaparecer moitos bosques que na actualidade reducíronse a rodais de pequena dimensión e xeralmente deteriorados. So os bosques de ribeira, manteñen a súa presenza nas terrazas fluviais nunha convivencia cos cultivos agrícolas. Carballeiras e bosques pluriespecíficos. A comarca onde atópase Pedrafita é unha das zonas de Galicia cunha maior biodiversidade forestal, que aumenta cara ó sur, na conca do Lor e de cara ao fondo do val, a menores altitudes.

As carballeiras de carballo común (*Quercus robur*) localízanse preferentemente a cotas baixas ó norte do concello e fondos de val, con pouca seca edáfica, nas exposicións norte e oeste. Mestúranse cos bidueiros (*Betula alba*), abeleiras (*Corylus avellana*), etc. A maiores cotas é mais resistente ao frío e xeadas, así como a seca estival. A media ladeira atopamos o carballo albar (*Quercus petraea*), formando masas claras de baixo porte. Acompañados por especies menos termófilas esixentes coma os serbais (*Sorbus aucuparia*) acivros (*Ilex aquifolium*), cabe destacala abundante presenza do cereixo (*Prunus avium*) e o pradairo (*Acer pseudoplatanus*) coma consecuencia da influencia caliza na terra da rocha nai, e o olmo nas maiores cotas (*Ulmus glabra*). A localización destas masas sitúase en ladeiras de orientación NE, e posición de media ladeira. Existen amplas carballeiras nas inmediacións do Lor, Fonfría.

Faias. O forte gradiente altitudinal provoca a sucesión nas cotas alta por especies mais resistentes ó frío, como o olmo de montaña (*Ulmus montana*) e as faias (*Fagus sylvatica*). Esta última especie constitúe unha excepción en toda Galicia, posto que nestas terras acada o seu límite occidental de distribución, ocupando grandes extensións de gran valor ecolóxico no límite ó sur do concello, desde o Chao dos Bois ata o Chao Grande, coincidindo coas zonas máis húmidas no chan e altitudes comprendidas entre os 800 e os 1450 m. Existen ademais pequenas masas fragmentadas en Liñares e A Lagúa. Na actualidade ocupan pouco más de 300 ha. e aínda que esténdense desde o extremo norte

da Serra dos Ancares ata a parte central da Serra do Courel, a súa presenza límitase ó concello de Pedrafita do Cebreiro. Constitúen masas novas, pouco desenvolvidas e aclaradas, acompañadas de xestas e piornos. Bosques de ribeira. A densa rede hidrográfica ten coma consecuencia a colonización das marxes da ribeira polas especies pertencentes ás series de vexetación azonal e aquelas que toleran ben a humidade edáfica.

Existe unha intensa mestura entre os bosques de frondosas adxacentes e as especies ripícolas, e só nalgúns afluentes do Navia ou Valcarce (rego do Real, rego do Curisco) constitúen masas representativas.

Encinares. Os carrascais dos montes de O Cebreiro aparecen vencellados a afloramentos rochosos de tipo calcáreo en Santalla, Trabazas e Veiga de Forcas. Xeralmente presentan porte arbustivo pola presión do seu uso da madeira para leñas.

Repoboacións forestais. Corresponden a extensas masas de piñeiros silvestres (*Pinus sylvestris*) procedentes de antigas repoboacións de mais de 30 anos na propiedade de monte público, constituíndo grandes masas forestais monoespecíficas nos lugares mais altos. A inclemencia do clima nalgúns destes lugares mingua a produtividade forestal, podéndose observar pes de baixo porte e retortos coma consecuencia dos fortes ventos e nevadas coma as que poden darse no Monte do Chao da Serra en Pedrafita.

Tamén dáse nestes últimos anos unha crecente repoboación de eucaliptos resistentes ó frío, aínda moi novos, nas áreas de Vilaverde, onde en pequenas parcelas de particulares estase a repoboar, pero que aínda presentan unha baixa representatividade no sector. Matogueiras. Existen abundantes áreas de mato formado principalmente polo toxo (*Ulex europaeus*), coma especie colonizadoras de masas aclaradas, queimadas ou de substitución de cuberta vexetal coma orixe dos abandonos do cultivo agrícola. Pódese acompañar doutras especies coma xestas e uces, e salpica a súa presenza polo territorio, en pequenas parcelas próximas ós núcleos de poboación. Sometidos a condicións extremas pódense considerar outro tipo de mato, conformando comunidades vexetais estables e hábitats protexidos pola Directiva Hábitats. O resultado da súa existencia é a baixa esixencia nos requirimentos do chan e a tolerancia a malas condicións climáticas. As uceiras, os piornos e matogueiras con uz (toxeiras) constitúen estes matos, de escaso porte, que ás veces poden deixar paso a pasteiros de montaña tamén de orixe natural. Abarca case o 40% da superficie de mato, o que da unha idea da alta improdutividade da superficie do concello.

Praderías. Os praderías existentes nos vales e nos cumios das montañas son de orixe artificial cunha composición baseada no raigrás italiano (*Lolium multiflorum*), raigrás inglés (*Lolium perenne*), raigrás inglés, trevo branco (*Trifolium repens*), trevo violeta (*Trifolium pratense*), *Rumex planenae*, cabezuda (*Dactylis glomerata*), *Holcus lanatus*, *Plantago lanceolata*, *Juncus* sp., *Festuca rubra*, *Agrostis capillaris*, etc...

Tamén existen prados de orixe seminaturais nas proximidades dos cursos de auga e fondos de val, baixo condicións de alta humidade edáfica. Aparecen especies coma o xunco (*Juncus conglomeratus*), *Angelica terrestris*, *Deschampsia caespitosa*, *Equisetum palustre*.

2.3.6 Fauna

No concello están presentes as seguintes especies:

Peixes: a troita (*Salmo trutta fario*) e a anguía (*Anguilla anguilla*).

Anfibios: a píntega (*Salamandra salamandra*), o sapo raxado (*Discoglossus galganoi*), o sapo común (*Bufo bufo*), a estroza (*Hyla arborea*), a ra patilonga (*Rana iberica*) e a ra vermella (*Rana temporaria*).

Réptiles: o escáncer común (*Anguis fragilis*), o lagarto arnal (*Timon lepidus*), o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*), a lagarta da serra (*Lacerta monticola*), a lagarta galega (*Podarcis bocagei*), a lagarta dos penedos (*Podarcis hispanica*), a cóbrega lagarteira común (*Coronella austriaca*), a cóbrega lagarteira meridional (*Coronella girondica*), a cóbrega de escada (*Elaphe scalaris*), o cobregón (*Malpolon monspessulanus*), a cóbrega de collar (*Natrix natrix*), a cóbrega de auga (*Natrix maura*) e a víbora de Seoane (*Vipera seoanei*).

Aves: Liñaceiro común (*Acanthis cannabina*), Azor (*Accipiter gentilis*), Gabián (*Accipiter nisus*), Ferreiroño subeliño (*Aegithalos subeliño*), Laverca (*Alauda arvensis*), picapeixe (*Alcedo atthis*), Perdiz rubia (*Alectoris rufa*), Pica patinegra (*Anthus spinoletta*), Pica das árbores (*Anthus trivialis*), Cirrio común (*Apus apus*), Águia real (*Aquila chrysaetos*), Bufo pequeno (*Asia olus*), Moucho común (*Athene noctua*), Miñato común (*Buteo buteo*), Avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*), Xílgaro (*Carduelis carduelis*), Verderolo común (*Carduelis chioris*), Gabeador común

(*Certhia brachydactyla*), Águia albela (*Cicetus gallicus*), Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*), Gatafornela (*Circus cyaneus*), Tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), Pombo pequeno (*Columba oenas*), Pombo torcaz (*Columba palumbus*), Corvo carnazal (*Corvus corax*), Corvo común (*Corvus corone*), Paspallás (*Coturnix coturnix*), Cuco común (*Cuculus canorus*), Peto real (*Dedrocoptes major*), Andoriña do cu branco (*Delichon urbica*), Escribenta riscada (*Emberiza cia*), Escribenta liñaceira (*Emberiza cirulus*), Escribenta real (*Emberiza eitrinella*), Escribenta das hortas (*Emberiza hortulana*), Paporrubio común (*Erithaeus rubecula*), Falcón pequeno (*Falco subbuteo*), peneireiro (*Falco tinnunculus*), Pimpín común (*Fringilla coelebs*), Cotovía dos camiños (*Galerida cristata*), Pega marza (*Garrulus glandarius*), Fulepa amarela (*Hippolais poliglotta*), Andoriña dos penedos (*Hirundo rupestris*), Andoriña común (*Hirundo rustica*), Picanzo vermello (*Lanius collurio*), Picanzo rebordá (*Lanius senator*), Cotovía pequena (*Lullula arborea*), Lavandeira branca (*Motacilla alba*), Lavandeira real (*Motacilla cinerea*), Ouriolo (*Oriolus oriolus*), Ferreiroño común (*Parus ater*), Ferreiroño azul (*Parus caeruleus*), Ferreiroño cristado (*Parus cristatus*), Ferreiro abelleiro (*Parus major*), Pardal común (*Passer domesticus*), Pardal orellero (*Passer montanus*), charrela común (*Perdix perdix*), Miñato abelleiro (*Pernis apivorus*), Rabirrubio tizón (*Phoenicurus ochruros*), Picafollas de Bonelli (*Phylloscopus bonelli*), Picafollas común (*Phylloscopus collybita*), Pega rabilonga (*Pica pica*), Peto verdeal (*Picus viridis*), Gralla de bico vermello (*Pyrrhocorax pyrrhocorax*), Paporrubio real (*Pyrrhula pyrrhula*), Estreliña riscada (*Regulus ignicapillus*), Andoriña das barreiras (*Riparia riparia*), Chasco común (*Saxicola torquata*), Xirín (*Serinus serinus*), Piquelo azul (*Sitta europaea*), Rula común (*Streptopelia turtur*), Avelaiona (*Strix aluco*), Papuxa das amoras (*Sylvia atricapilla*), Papuxa apardada (*Sylvia borin*), Papuxa común (*Sylvia communis*), Papuxa montesa (*Sylvia undata*), Carrizo (*Troglodytes troglodytes*), Merlo común (*Turdus merula*), Tordo galego (*Turdus philomelos*), Tordo charlo (*Turdus viscivorus*) e Curuxa común (*Tyto alba*).

Mamíferos: Rato da fraga (*Apodemus flavicollis*), Rato de campo (*Apodemus sylvaticus*), Rata de auga común (*Arvicola sapidus*), Lobo (*Canis lupus*), Corzo (*Capreolus capreolus*), Corta rubia (*Myodes glareolus*), Furaño común (*Crocidura russula*), Furaño común (*Crocidura suaveolens*), Leirón careto (*Eliomys quercinus*), Ourizo cacho (*Erinaceus europaeus*), Gato bravo (*Felis sylvestris*), Rato de almisce (*Galemys pyrenaicus*), Xeneta común (*Genetta genetta*), Leirón rabudo (*Glis glis*), Lontra (*Lutra lutra*), Garduña (*Martes foina*), Marta (*Martes martes*), Teixo ou porco teixo (*Meles meles*), Trilladeira dos prados (*Microtus agrestis*), Trilladeira nival (*Microtus nivalis*), Morcego da cova (*Myotis schreibersii*), Rato caseiro (*Mus musculus*), Armiño (*Mustela erminea*), Donicela (*Mustela nivalis*), Tourón (*Mustela putorius*), Morcego de orellas fendidas (*Myotis emarginatus*), Morcego rateiro grande (*Myotis myotis*), Muraño de Cabrera (*Neomys anomalus*), Muraño patibranco (*Neomys fodiens*), Coello bravo (*Oryctolagus cuniculus*), Morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*), Corta dos prados (*Microtus lusitanicus*), Morcego orelludo común (*Plecotus auritus*), Rata común (*Rattus norvegicus*), Rata cincenta (*Rattus rattus*), Morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*), Morcego pequeno de ferradura (*Rhinolophus hipposideros*), Esquí (*Sciurus vulgaris*), Furafolhas grande (*Sorex coronatus*), Furafolhas ibérico (*Sorex granarius*), Furafolhas pequeno (*Sorex minutus*), Porco bravo (*Sus scrofa*), Toupa cega (*Tupa occidentalis*), Raposo (*Vulpes vulpes*).

2.4 Espazos naturais protexidos

Na seguinte táboa recóllese os espazos naturais protexidos presentes total ou parcialmente no concello. Nestas áreas poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e as actividades tradicionais que non

vulneren os valores protexidos. Para o resto das actuacións, incluíndo a realización de edificacións, será precisa a autorización da Consellería de Medio Ambiente.

Nome	Categoría	Código
Os Ancares-O Courel	Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN)	
Os Ancares-O Courel	Rede Natura 2000	ES1120001
Os Ancares-O Courel	Zonas especiais de conservación (ZEC)	ES1120001

Táboa 2 Espazos naturais protexidos (Fonte: IET)

3 ANÁLISE DO RISCO DE INCENDIOS

A análise estatística dos incendios forestais acontecidos no concello foi elaborada a partir dos datos proporcionados pola Consellería do Medio Rural para o período 2008-2017.

Segundo o PEIFOGA, o Índice de Risco Potencial (IRP) para o concello é Moderado e NON está declarado como Zona de Alto Risco (ZAR).

3.1 Histórico de incendios

3.1.1 Número de incendios e superficie queimada

Para o período considerado o concello presenta unha media de 5,10 incendios/ano e 22,37 hectáreas/ano queimadas. O número de incendios forestais ocorridos foi de 51 lumes, queimando un total de 223,72 hectáreas, 86,81 arboradas e 136,91 rasas. Na seguinte táboa e gráfica amósanse os datos de superficies queimadas e o número de incendios ocorridos no período 2008-2017.

Parroquia	Ano	Nº	Superficie Arborada	Superficie Rasa	Superficie Total
Liñares (Santo Estevo)	2009	1	0,00	0,01	0,01
Lousada (San Vicente)	2009	1	0,00	20,00	20,00
O Cebreiro (Santa María)	2009	1	0,00	1,50	1,50
Lousada (San Vicente)	2010	6	0,00	4,10	4,10
Padornelo (San Xoán)	2010	1	0,00	0,01	0,01
Zanfoga (San Martiño)	2010	1	0,00	24,00	24,00
Lousada (San Vicente)	2011	2	0,00	4,20	4,20


Parroquia	Ano	Nº	Superficie Arborada	Superficie Rasa	Superficie Total
O Cebreiro (Santa María)	2011	1	0,00	1,00	1,00
Padornelo (San Xoán)	2011	2	0,00	0,03	0,03
Zanfoga (San Martiño)	2011	2	2,00	0,10	2,10
Liñares (Santo Estevo)	2012	2	0,00	10,00	10,00
Lousada (San Vicente)	2012	3	0,00	17,20	17,20
Padornelo (San Xoán)	2012	1	0,00	1,00	1,00
Zanfoga (San Martiño)	2012	4	0,00	28,65	28,65
Lousada (San Vicente)	2013	1	1,00	0,80	1,80
Pedrafita do Cebreiro (Santo Antón)	2013	1	0,00	0,10	0,10
Riocereixa (Santa María Madanela)	2013	1	0,00	2,00	2,00
Lousada (San Vicente)	2014	1	0,00	0,01	0,01
Hospital (San Xoán)	2015	2	0,60	0,00	0,60
Lousada (San Vicente)	2015	2	0,00	0,03	0,03
Louzarela (San Xoán)	2015	1	0,00	0,01	0,01
Zanfoga (San Martiño)	2015	2	0,01	0,01	0,02
Liñares (Santo Estevo)	2016	1	0,00	0,01	0,01
Fonfria (San Xoán)	2017	1	0,00	0,02	0,02
Hospital (San Xoán)	2017	2	0,00	0,11	0,11
Lousada (San Vicente)	2017	2	0,00	13,51	13,51
Louzarela (San Xoán)	2017	2	0,00	0,20	0,20
Padornelo (San Xoán)	2017	1	0,00	0,10	0,10
Pedrafita do Cebreiro (Santo Antón)	2017	2	83,20	8,10	91,30
Riocereixa (Santa María Madanela)	2017	1	0,00	0,10	0,10
TOTAL		51	86,81	136,91	223,72

Táboa 3 Número de incendios e superficie queimada no período 2008-2017 (Fonte: Consellería do Medio Rural)

*Superficie en hectáreas

Parroquia	TOTAL	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Fonfria (San Xoán)	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1
Hospital (San Xoán)	4	0	0	0	0	0	0	0	2	0	2
Liñares (Santo Estevo)	4	0	1	0	0	2	0	0	0	1	0
Lousada (San Vicente)	18	0	1	6	2	3	1	1	2	0	2
Louzarela (San Xoán)	3	0	0	0	0	0	0	0	1	0	2
O Cebreiro (Santa María)	2	0	1	0	1	0	0	0	0	0	0
Padornelo (San Xoán)	5	0	0	1	2	1	0	0	0	0	1
Pedrafita do Cebreiro (Santo Antón)	3	0	0	0	0	0	1	0	0	0	2
Riocereixa (Santa María Madanela)	2	0	0	0	0	0	1	0	0	0	1
Zanfoga (San Martiño)	9	0	0	1	2	4	0	0	2	0	0
TOTAL	51	0	3	8	7	10	3	1	7	1	11

Táboa 4 Distribución dos incendios no período 2008-2017 (Fonte: Consellería do Medio Rural)



Gráfica 1 Superficie quemada e número de incendios ocorridos no período 2008-2017 (Fonte: Elaboración propia)

3.1.2 Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI)

Segundo a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia as parroquias de alta actividade incendiaria son aquelas parroquias incluídas en zonas declaradas como de alto risco que, polo número de incendios forestais reiterados ou pola súa gran virulencia, precisen medidas extraordinarias de prevención de incendios e de protección dos montes fronte aos impactos producidos por eles.

Nas parroquias de alta actividade incendiaria realizarase un seguimento exhaustivo de calquera actividade incluída no territorio e intensificaranse as actuacións de vixilancia e disuasión.


No concello de Pedrafita do Cebreiro non hai declarada ningunha parroquia de alta actividade incendiaria segundo o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA 2019).

Amósase a continuación os datos desagregados por parroquias. Tal e como se pode apreciar, o maior número de incendios ocorre na parroquia de Lousada, sendo a parroquia de Pedrafita do Cebreiro a que presenta maior superficie quemada.

Parroquia	Nº	Superficie Arborada	Superficie Rasa	Superficie Total
Fonfría (San Xoán)	1	0,00	0,02	0,02
Hospital (San Xoán)	4	0,60	0,11	0,71
Liñares (Santo Estevo)	4	0,00	10,02	10,02
Lousada (San Vicente)	18	1,00	59,85	60,85
Louzarela (San Xoán)	3	0,00	0,21	0,21
O Cebreiro (Santa María)	2	0,00	2,50	2,50
Padornelo (San Xoán)	5	0,00	1,14	1,14
Pedrafita do Cebreiro (Santo Antón)	3	83,20	8,20	91,40
Riocereixa (Santa María Madanela)	2	0,00	2,10	2,10
Zanfoga (San Martiño)	9	2,01	52,76	54,77
TOTAL	51	86,81	136,91	223,72

Táboa 5 Número total de lumes por parroquia e superficie quemada no período 2008-2017 (Fonte: Consellería do Medio Rural)

*Superficie en hectáreas



Gráfica 2 Superficie queimada e número de incendios forestais por parroquia para o período 2008-2017

3.1.3 Activación do PEIFOGA en situación 2

Segundo o establecido na Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais (Real Decreto 893/2013, do 15 de novembro) e no PEIFOGA, a clasificación dos lumes depende do establecemento previo dun índice de gravidade potencial, en función do cal se declarará unha situación operativa. Os índices de gravidade potencial dos lumes determinanse en función da topografía da zona, das dimensións do incendio, dos combustibles existentes, das características das masas forestais ameazadas, das infraestruturas de defensa contra incendios (devasas, rede viaria, reservas e puntos de auga etc.), das condicións meteorolóxicas reinantes (vento, temperatura, humidade relativa), das posibles ameazas potenciais para as persoas non relacionadas cos labores de extinción, da presenza de instalacións e infraestruturas sensibles (tendidos eléctricos, gasodutos, estradas principais...).

Os lumes clasifícanse segundo o seu nivel de gravidade potencial, mediante a seguinte escala:

- Índice de gravidade potencial 0: Referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, non hai ameaza ningunha para aquelas persoas non relacionadas co dispositivo de extinción, nin para bens distintos aos de natureza forestal, e o dano forestal esperable é moi reducido (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada).
- Índice de gravidade potencial 1: Referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, se prevé a necesidade de poñer en práctica medidas para a protección de persoas alleas ao dispositivo de extinción e existen bens illados ameazados de natureza non forestal (infraestruturas sensibles ou redes de subministracións), e o dano forestal esperable é considerable (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada).
- Índice de gravidade potencial 2: Referido a aquel incendio en que, na súa evolución máis desfavorable, se prevé unha ameaza seria dos núcleos de poboación ou das infraestruturas de especial importancia, e o dano forestal esperable é moi importante (pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada), de xeito que se fai necesario adoptar inmediatamente medidas para a atención e o socorro da poboación ou para a protección dos bens.
- Índice de gravidade potencial 3: Referido a aquel incendio en que, unha vez apreciadas as circunstancias anteriores no seu índice máximo de gravidade, concorren outras sobre o dispositivo de extinción que imposibilitan continuar co labor encamiñado ao control do incendio.

O índice de gravidade potencial dos incendios establecerao o centro de coordinación central do SPDCIF, a proposta do director técnico de extinción. A situación operativa dos plans será consecuencia dos danos ocorridos ou do dano potencial que, de forma técnica e realista, se prevé que pode chegar a ocasionar (índice de gravidade potencial) e da dispoñibilidade de medios e recursos dispostos, e teranse en conta ademais

outros criterios relativos a:

- A simultaneidade temporal e/ou a concentración espacial de conatos ou incendios forestais que poderían ter lugar nun espazo territorial determinado.
- A suficiencia, idoneidade e disposición dos medios e recursos cos que conte o plan para o control o incendio e/ou para a atención e o socorro da poboación afectada.

- A estacionalidade temporal, así como a activación e posta en servizo dos dispositivos de prevención e extinción de incendios forestais determinados nos plans.
- Outras circunstancias de índole administrativa por razón do espazo territorial afectado, ou pola intensidade e/ou a gravidade das consecuencias sobrevidas ou potenciais sobre as persoas e os seus bens.
- Calquera outra a criterio da autoridade a quen lle corresponda a dirección do plan activado correspondente.

Atendendo aos criterios anteriores, as situacións operativas do PEIFOGA son:

- Situación 0: Situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar só bens de natureza forestal e poidan ser controlados cos medios e recursos do propio plan local ou da comunidade autónoma, incluídos os medios do Estado, a condición de que estes últimos actúen dentro da súa zona de actuación preferente. A situación 0 corresponderá con carácter xeral a incendios con IGPO.
- Situación 1: Situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente bens forestais e, se é o caso, levemente a poboación e os bens de natureza non forestal e que poidan ser controlados cos medios e recursos do plan da comunidade autónoma, ou para cuxa extinción poida ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma e tras a valoración da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior ou da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, segundo corresponda, sexan incorporados medios extraordinarios.

O plan activarase en situación 1 para incendios IGPO cando sexa necesaria a incorporación de medios extraordinarios, ou ben para incendios IGPI, declarados así porque o dano esperado é considerable, pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada, pero nos que non é necesario poñer en práctica medidas de protección dirixidas á poboación allea ao dispositivo de extinción.

- Situación 2: Situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente a poboación e os bens de natureza non forestal, e que esixen a adopción inmediata de medidas de protección e socorro. Pode ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma, sexan incorporados medios extraordinarios ou que poden comportar situacións que deriven cara ao interese nacional.

O plan activarase en situación 2 para incendios IGPI ou superiores cando a cualificación veña motivada pola afección á poboación e aos bens de natureza non forestal (vías principais de comunicación e redes principais de subministración) e sexa necesario adoptar medidas de protección dirixidas á poboación, tales como evacuación e/ou albergue.

A cualificación da situación operativa do plan será establecida polo director do plan a través do

centro de coordinación central do SPDCIF para as situacións 0 e 1 e, polo delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia que estea afectada polo lume, para a situación 2, a proposta do centro de coordinación central do SPDCIF. Esta cualificación poderá variar de acordo coa evolución do incendio. Así mesmo, a situación operativa 1 será comunicada ao organismo competente en materia de protección civil, a través do CAE112.

- Situación 3: Situación de emerxencia correspondente e consecutiva á declaración de emerxencia de interese nacional polo Ministerio do Interior. Efectuarase por propia iniciativa ou a instancia do conselleiro competente en materia de protección civil ou do delegado do Goberno en Galicia.

En incendios IGPI, nos que se prevexa a necesidade de poñer en práctica medidas de protección á poboación allea ao dispositivo de extinción, podendo ser ou non necesarios a incorporación de medios extraordinarios, activarase o plan en situación 2.

O procedemento será o seguinte:

Unha vez determinada polo CCC, a proposta do director técnico de extinción, a necesidade de poñer en práctica de medidas de protección dirixidas á poboación, procederá a solicitar a declaración de situación 2 do PEIFOGA, e trasladará ao técnico de garda do sistema integrado de emerxencias o motivo da solicitude: persoas ou bens ameazados, posibilidade de evacuación, cortes de estradas, ferrocarril etc. Unha vez declarada a situación 2, comunicarase a:

- Xefe/a do Servizo Provincial de Emerxencias, ou persoa que o substitúa
- Alcalde/s dos concellos afectados
- Delegación e Subdelegación do Goberno
- Xefe/a Territorial de Presidencia
- Xefe/a Territorial de Medio Rural
- Dirección xeral de Emerxencias e Interior
- Xerente de la Axencia Galega de Emerxencias.

E mobilizaranse os grupos operativos previstos, segundo as necesidades:

- Sanitaria
- Apoio loxístico e seguridade
- Medios de intervención non adscritos á situación 0 e 1.
- Medios extraordinarios, sempre a solicitude do CCC, segundo o determinado na situación 1.

Unha vez que o incendio deixe de poñer en perigo persoas e/ou bens de natureza non forestal, e cando o delegado territorial desactive a situación 2, o técnico de garda comunicarllo a:

- Alcalde do municipio.
- Xefe territorial de Presidencia
- Xefe territorial de Medio Rural
- Xefe de Emerxencias da provincia ou persoa que o substitúa
- Delegación e Subdelegación do Goberno
- CCC

A desactivación da situación será transmitida aos responsables dos grupos operativos que fosen mobilizados.

Non foi activada a situación operativa 2 do PEIFOGA no período 2008-2017 en ningunha parroquia deste concello.

4 XESTIÓN DA BIOMASA

Segundo o artigo 20 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, a xestión da biomasa existente nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal é realizada a través de faixas, situadas en lugares estratéxicos, onde se procede á modificación ou á súa remoción total ou parcial, buscando a rotura da continuidade horizontal e vertical da biomasa presente.

4.1 Definición das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa

As redes secundarias teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais (Art. 20.4).

1 Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais será obrigatorio para as persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta Lei e na súa normativa de desenvolvemento, nunha franxa de 50 metros: a Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.

2 Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros mencionada no número anterior non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

3 As distancias mencionadas neste artigo, mediranse, segundo os casos:

b Desde o límite do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

c Desde os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, ou os límites das súas instalacións anexas.

d Desde o límite das instalacións no caso dos depósitos de lixo, gasolineras e parques e instalacións industriais.

e Desde o peche perimetral no caso dos cámpings.

4.1.1 Perimetral ao solo urbano, núcleo rural e urbanizable

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu artigo 15, define os tipos de solo nos que os plans xerais de ordenación e os plans básicos municipais deberán clasificar o territorio municipal: urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico.

No artigo 16 da citada Lei, di que os plans xerais e os plans básicos clasificarán como solo urbano os terreos que estean integrados na malla urbana existente, sempre que reúnan algún dos seguintes requisitos:

a Que contén con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas ou pertencentes ás comunidades de usuarios reguladas pola lexislación sectorial de augas, e con características axeitadas para servir á edificación existente e á permitida polo plan.

Para estes efectos, os servizos construídos para a conexión dun sector de solo urbanizable, as estradas e as vías da concentración parcelaria non servirán de soporte para a clasificación como urbanos dos terreos adxacentes, agás cando estean integrados na malla urbana.

b Que, aínda carecendo dalgúns dos servizos citados no punto anterior, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, polo menos nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación que o plan xeral ou o plan básico establezan.

O artigo 27 di que constituirán o solo urbanizable os terreos que o planeamento considere necesarios e axeitados para permitir o crecemento da poboación e da actividade económica ou para completar a súa estrutura urbanística.

O artigo 23 di que constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais que o planeamento defina e delimite tendo en conta o número de edificacións, a densidade de vivenda, o seu grado de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.

4.1.2 Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas

A maiores da franxa perimetral de 50 metros arredor dos solos urbano, de núcleo rural e urbanizable, xestionarase a biomasa:

a Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros de monte.

b Arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

4.2 Xestión da biomasa en pistas, vías, camiños, estradas de titularidade municipal

As redes terciarias de faixas de xestión de biomasa localízanse nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal e están vinculadas ás infraestruturas de uso público, así como ás seguintes infraestruturas de prevención e defensa contra os incendios forestais: camiños, vías, pistas forestais, devasas, faixas auxiliares de pista, área cortalumes e outras infraestruturas ou construcións relacionadas coa prevención e defensa contra os incendios forestais.

É competencia dos concellos adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en relación ás faixas laterais das redes viarias da súa titularidade.

4.3 Xestión da biomasa nos montes de titularidade municipal

A clasificación dos montes por razón da súa titularidade, ven definida na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, no seu artigo 13, sendo estes públicos ou privados.

Son montes públicos os pertencentes ás administracións públicas e a outras entidades de dereito público. O artigo 14 os clasifica pola súa natureza xurídica, podendo ser de dominio público (ou demaniais) e patrimoniais.

Corresponderá ao concello a xestión da biomasa nos montes da súa titularidade.”

Pedrafito do Cebreiro, 26 de maio de 2020.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0987

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o **13 de maio de 2020**, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao primeiro trimestre do ano 2020** da:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 31.10.2020** Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 22 de maio de 2020.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0988

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE ABRIL 2020

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 30 de abril de 2020 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de abril 2020, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de abril : 2898,71 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de xuño de 2020 e o 01 de setembro de 2020. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 22 de maio de 2020.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0989

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DAS BASES DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO. ANO 2020**

O Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 12.03.2020 aprobou inicialmente a modificación das Bases de Execución do Concello de Pedrafita do Cebreiro con posterioridade á aprobación do orzamento 2.020. Conforme ao artigo 169 do TRLRFL someteuse a información pública por un período de 15 días. Ao non presentarse reclamacións durante este período, enténdense definitivamente aprobados. De acordo co que se establece no artigo 127 do RD 791/1986, do 18 de abril, reproducécese a continuación a modificación das Bases de Execución do orzamento 2020 do Concello de Pedrafita do Cebreiro , incluíndo a seguinte Base:

BASE 31. FUNCIÓN INTERVENTORA.**A. Fiscalización e intervención previa limitada:**

1. O órgano interventor limitarase a comprobar os requisitos básicos seguintes:

a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer. Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financian son executivos, acreditándose coa efectiva materialización do ingreso ou a existencia de documentos fehacientes que acrediten a súa efectividade. Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 del TRLRHL. Entenderase que o crédito é adecuado cando financie obrigas a contraer ou nacidas e non prescritas con cargo á tesourería da entidade local cumprindo os requisitos dos artigos 172 e 176 do TRLRHL.

b) Que as obrigas ou gastos xeranse por órgano competente. En todo caso comprobaranse a competencia do órgano de contratación ou concedente da subvención, cando dito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación dos gastos de que se trate.

c) O resto de extremos adicionais que estean vixentes por acordo do Consello de Ministros na fiscalización e intervención previas de requisitos básicos.

B. Fiscalización de ingresos.

Sustituese a fiscalización previa de dereitos e ingresos polo control inherente á toma de razón en contabilidade, non sendo de carácter obrigatorio, conforme ao acordado no apartado seguinte, a realización das actuacións de comprobación posteriores previstas no art. 219.4 TRLRHL ao enmarcharse dentro da función de control financeiro.

C. Réxime de control simplificado

O Concello de Pedrafita do Cebreiro acollese ao réxime de control interno simplificado conforme ao establecido nos artigos 39 e 40 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se exercerá a función interventora pero non sendo obrigatoria a función de control financeiro, sen prexuízo da aplicación da auditoría de contas nos supostos previstos no artigo 29.3.A) do Regulamento 424/2017 e de aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal.

Pedrafita do Cebreiro, 28 de maio de 2020.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0990

Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito 3/2020 por concesión de créditos extraordinario 1/CE/2020

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións expediente de modificación de crédito número 3/2020, dentro do orzamento municipal do exercicio 2020, e tendo en conta que durante o período que vai dende o 07 ó 27 de maio de 2020, según edicto insertado no Boletín da Provincia de Lugo número 94, de data 25 de abril de 2020 e no Tablón de anuncios do Concello, non se presentaron alegacións contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locales e se fai público a modificación presupuestaria acordada.

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		DENOMINACIÓN	C. ANTERIOR	INCREMENTO	C. DEFINITIVO
450	619	Obras interiores de adecuación funcional nunha das naves do mercado gandeiro	398.076,71	21.779,08	419.875,79

O importe total da modificación de crédito financiarase co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrucción de contabilidade:

CONTROL DO REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS(RTGX)	IMPORTE €
Remanente Inicial:	1.591.883,40
Remanente Utilizado:	0,00
Remanente Líquido de Tesoureria Dispoñible:	1.591.883,40
Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación:	21.779,08
Resto de Remanente de Tesourería Disponible:	1.570.104,32

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devanditaxurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 28 de maio de 2020.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0991

Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito 4/2020 por concesión de créditos extraordinario 2/CE/2020.

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións expediente de modificación de crédito número 4/2020, dentro do orzamento municipal do exercicio 2020, e tendo en conta que durante o período que vai dende o 07 ó 27 de maio de 2020, según edicto insertado no Boletín da Provincia de Lugo número 94, de data 25 de abril de 2020 e no Tablón de anuncios do Concello, non se presentaron alegacións contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locales e se fai público a modificación presupuestaria acordada.

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		DENOMINACIÓN	C. ANTERIOR	INCREMENTO	C. DEFINITIVO
450	619	Obras exteriores de adecuación funcional nunha das naves do mercado gandeiro	419.875,79	10.000,00	429.875,79

O importe total da modificación de crédito financiarase co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrucción de contabilidade:

CONTROL DO REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS(RTGX)	IMPORTE €
Remanente Inicial:	1.591.883,40
Remanente Utilizado:	21.779,08
Remanente Líquido de Tesoureria Dispoñible:	1.570.104,32
Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación:	10.000,00
Resto de Remanente de Tesourería Disponible:	1.560.104,32

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devanditaxurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 28 de maio de 2020.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0992

Anuncio

O Pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de marzo de 2.020 adoptou acordo de aprobación inicial da modificación do regulamento de réxime interno do centro de atención diúrna Manuel Villasol do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 131 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción de este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido dito prazo non se presentan reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo.

Pedrafita do Cebreiro, 24 de abril de 2020.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0993

Anuncio

O Pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de marzo de 2.020 adoptou acordo de aprobación inicial da **modificación do regulamento de réxime interno do centro de atención residencial Manuel Villasol do Concello de Pedrafita do Cebreiro.**

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 131 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción de este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido dito prazo non se presentan reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo.

Pedrafita do Cebreiro, 24 de abril de 2020.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0994

RIBAS DE SIL*Anuncio*

De conformidade cos artigos 112 da lei 7/85, do 2 de abril e 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 13.02.2020, adoptou o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral desta entidade para o exercicio económico de 2020, que resultou definitivo ao non se ter presentado reclamacións durante o período de exposición pública.

Faise público que o Orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, a contía de 990.000,00 €, correspondendo a cada **capítulo** as cantidades que a continuación se expresan:

ESTADO DE GASTOS

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>EUROS</u>
OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal	538.714,01
2	Gastos correntes en bens e servizos	369.701,28
3	Gastos financeiros	4.100,00
4	Transferencias correntes	16.300,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Investimentos reais	57.156,93
7	Transferencias de capital	-----
8	Activos financeiros	-----

9	Pasivos financeiros	4.027,78
SUMA TOTAL GASTOS: 990.000,00 €		

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos directos	413.000,00
2	Impostos indirectos	15.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	118.899,09
4	Transferencias correntes	440.511,06
5	Ingresos patrimoniais	2.589,85
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Enaxenación de inversións reais	-----
7	Transferencias de capital	-----
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----

SUMA TOTAL INGRESOS: 990.000,00 €

Na referida sesión tamén se acordou aprobar o cadro de persoal desta Corporación que, de conformidade co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

PLANTILLA DE PERSOAL PARA O ANO 2020				
A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA	Nº prazas	Grupo	C.D.	Situación
Secretario - Interventor	1	A1	26/28	Propiedade
Administrativo	1	C1	22	Vacante
Auxiliar administrativo	1	C2	14	Propiedade
Oficial servizos especiais	1	C2	14	Vacante
B) PERSOAL LABORAL FIXO				
Denominación	Nº prazas	Situación		
Oficial 1ª encargado		Fixo	Propiedade	
C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL				
Denominación	Nº prazas	Características		
Técnica Local de emprego	1	Temporal	Xornada completa	
Traballadora Social	1	Temporal	Xornada completa	
Aux. SAF (ano)	6	Temporal	Xornada completa	
Aux. SAF (10 meses)	1	Temporal	Xornada completa	
Animadoras socioculturais 2 meses	3	Temporal	Media xornada	
Peón limpeza	1	Temporal	Xornada completa	
Oficial 1ª condutor	1	Temporal	Xornada completa	
Oficial 1ª construción	1	Temporal	Xornada completa	
Arquitecta Asesora municipal	1	Temporal	Tempo parcial	

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento

municipal poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso - administrativa.

Ribas de Sil, 29 de maio de 2020.- O Alcalde-Presidente, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 0995

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 25 de maio de 2020, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 1º TRIMESTRE DE 2020.**

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

ANUNCIO DE COBRANZA.

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de xullo de 2020 ó día 31 de agosto de 2020, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

CANON DA AUGA: A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

Ribeira de Piquín, 26 de maio de 2020.- Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 0996

TRABADA

Anuncio

CONTA XERAL 2019 DO CONCELLO DE TRABADA.

Unha vez informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, en sesión celebrada o día 27 de maio do ano en curso, a Conta Xeral correspondente ó exercicio económico 2019, de conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposta ó público na Secretaría- Intervención deste Concello, por prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo e oito días mais os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Trabada, a 27 de maio de 2020.- ALCALDESA, Mayra García Bermúdez.

R. 0997

VILALBA

Anuncio

Decreto de S. S^a a alcaldesa don Elba Veleiro Fernandez.

ASUNTO: Correccións erros en Nomeamentos de alcaldes de barrio do Concello de Vilalba. Expte 1146/2020.

Visto que no Decreto da Sra. Alcaldesa de nomeamentos de Alcaldes de Barrio de Vilalba, de data 11/05/2020, detectáronse os seguintes erros materiais:

-O número do DNI de don Benjamin Salgueiro Yáñez, Alcalde de Barrio de Codesido, que figura 33826275Z, e incorrecto.

-O número do DNI de Maria Josefa Milagros Ares Basanta, que figura 33646138V, e incorrecto.

Visto o artigo 109.2) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que di: "Que as Administracións Públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquer momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos."

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Modificar o número do DNI de don Benjamin Salgueiro Yáñez, que o correcto e 33310474B.

SEGUNDO.- Modificar o número do DNI de doña Maria Josefa Milagros Ares Basanta, que o correcto e 33546138V.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos interesados e remitir anuncio da mesma ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, así como que se publique *no taboleiro de edictos municipal e na web municipal*.

Mandao e asinao a S. S^a a alcaldesa, do que eu Secretaria, dona Ana María Rubiera Álvarez, dou fe.

R. 0998

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS*Anuncio*

Polo acordo do Pleno da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, apróbanse as Bases do proceso selectivo e convocatoria para a contratación un Técnico Superior como persoal laboral temporal a xornada completa, para os anos 2020 e 2021.

Prazo de presentación de instancias: Oito (8) días naturais a contar dende o día seguinte a publicación deste anuncio no BOP, de 9:00 a 14:00 horas, no Rexistro xeral do concello de Samos , tamén poderán remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido na base terceira.

Bases dos procesos de selección: publicadas na sede electrónica do concello de Samos concellosamos.sedelectronica.gal e no Taboleiro de Edictos da Casa do concello.

Samos, 27 de maio de 2020.- O Presidente, Jose Antonio García Jurjo.

R. 0979